

O efecto catalizador da nosa sección bilingüe

Un dos problemas máis urxentes no ensino da Lingua Inglesa é que a tratamos como un fin en si mesma, non como lingua vehicular. De aí xorde a necesidade de buscar nas áreas non lingüísticas os contidos cos que se poden levar a cabo competencias comunicativas nas linguas estranxeiras. Concibimos dentro da normalidade que o noso alumnado coñeza conceptos como “voz pasiva” ou “verbo auxiliar”, e non coñeza, non obstante, conceptos de uso cotián, como “martelo” ou “parafuso”. As seccións bilingües veñen paliar este problema ao traballar con contidos reais e desenvolver as competencias básicas de produción e interacción comunicativas.

Cándido Carrera Vázquez

Profesor de Tecnoloxía e director do IES Terra de Turonio
Gondomar (Pontevedra)
candidoc@edu.xunta.es

Juan Ramón Guinarte Pose

Profesor de Inglés e coordinador da sección bilingüe do IES Terra de Turonio
Gondomar (Pontevedra)
guinartepose@edu.xunta.es

Din os químicos que un catalizador é unha substancia que, só cunha pequena cantidade, é quen de aumentar de xeito significativo a velocidade dunha reacción química. Así, no noso centro, o feito de poñer en marcha a sección bilingüe en inglés produciu unha serie de efectos que, doutro xeito, levaría moito máis tempo poder realizar.

En colaboración con Luisa Pita, impulsora das TIC no noso instituto, xorden varias ideas para darlle un novo enfoque ao estudo das linguas estranxeiras. Entre elas están: a posta en marcha dunha aula dotada con material informático, que permite utilizar as novas tecnoloxías para a aprendizaxe das ditas linguas, e un obradoiro que relatamos a continuación.

Un obradoiro de busca e tratamento da información

A nosa experiencia no desenvolvemento da Aprendizaxe Integrada de Contidos en Lingua Estranxeira, de aquí en diante AICLE, parte do uso das TIC como ferramenta potente para a busca e o tratamento de información relacionada cos contidos non lingüísticos da sección bilingüe. O obradoiro realízase durante as clases de apoio de AICLE, e desenvólvese pola tarde en dúas sesións semanais. Nelas empregamos os ordenadores en rede da aula de idiomas, que puxemos en funcionamento neste curso académico.

A posta en práctica deste obradoiro comprende tres fases, nas que o alumnado pode profundar, en función do



O traballo en grupo é fundamental no obradoiro de busca e tratamento da información

interese do tema, e da súa relevancia para o tratamento dos contidos da sección bilingüe. A secuenciación do desenvolvemento do obradoiro é a seguinte:

Fase 1: Planificación e busca de información

1. Que é o que queremos buscar?
2. Como o queremos buscar?
Buscadores (Google), busca avanzada, buscadores específicos (Google scholar) e metabuscadores (Copernic).
3. Onde o podemos buscar? Chats, how to, FAQ, grupos de traballo RSS, bases de datos específicos (das universidades) na rede...
4. Como podemos seleccionar o que

atopamos? Creación de carpetas: texto, imaxes, vídeos, outras...

5. Temporización da busca.

Fase 2: Tratamento da información

1. Análise crítica do material atopado.
2. Edición do proxecto que se debe elaborar (esquema). Síntese e preparación dunha estrutura, obtendo puntos claves.
3. Implantación do software específico para manipular arquivos: adecuación do software aos arquivos que tratamos ou que imos producir.
4. Elaboración de arquivos coa información seleccionada.

Fase 3: Elaboración de materiais e exposición do proxecto

1. Selección do mellor soporte para a exposición do proxecto.
2. Planificación dos materiais que se deben elaborar.
3. Selección dos materiais dos arquivos creados nas fases anteriores.
4. Elaboración dos materiais: textos ilustrados, materiais multimedia, ebooks, presentacións de Powerpoint, vídeos, follas de cálculo e gráficos, etc.
5. Exposición dos materiais creados.
6. Medidas para a difusión do proxecto: exposición na páxina web do centro, foros de discusión e blogs, etc.

Non é necesario desenvolver un por un os puntos de cada fase, mais cómpre



Na área de tecnoloxía utilizamos as TIC para a elaboración de materiais a partir da información buscada

seguir a secuenciación das fases do obradoiro para o seu correcto desenvolvemento. Normalmente, en cada tema que tratamos durante as sesións de AICLE, o alumnado distribúese en pequenos grupos, con frecuencia en parellas, e cada grupo busca información sobre un aspecto diferente relacionado co tema. Isto supón unha planificación da información que vai buscar cada grupo, e así evitar repeticións e solapamentos ou lagoas.

Tomando como exemplo o tema da enerxía, dividimos a clase en dous grandes grupos: un encargouse das enerxías renovables, e outro das non renovables. No primeiro grupo distribuíronse para buscar información sobre a enerxía solar, a eólica, a maremotriz, a xeotérmica e a hidráulica. O grupo das enerxías non renovables fixeron o mesmo para buscar información sobre a enerxía nuclear, a dos combustibles fósiles, etc. Logo decidiron elaborar cadansúa presentación multimedia. Para este fin, e logo de procurar e seleccionar os

contidos e imaxes que deben expoñer na presentación, os grupos intentaron localizar presentacións de PowerPoint existentes na rede, que lles serviron de modelo para a realización das súas propias.

Os contidos propios da lingua inglesa

Na sección bilingüe tratamos de conseguir que a lingua inglesa sexa, gradualmente, a lingua vehicular dos procesos de ensino e aprendizaxe. Os contidos propios de AICLE, nos que integramos os conceptos de tecnoloxía e as destrezas comunicativas son:

- Vocabulario básico relativo á tecnoloxía en inglés:
 - Ferramentas: definición de ferramentas e materiais de tecnoloxía.
 - Accións: descrición dos procedementos e técnicas relacionadas coas diferentes disciplinas tecnolóxicas: electricidade, fontanaría,

construción...

- Contidos das diferentes unidades didácticas propios de tecnoloxía.
- Verbalización das accións e procedementos empregados durante as actividades de tecnoloxía, tanto as relacionadas con conceptos teóricos como o traballo no taller. Poténciase que o alumnado describa o proceso de deseño e construción, e que verbalice os procesos lóxicos dunha secuencia de accións.

O profesor como mediador

O uso das TIC como ferramenta que desenvolve a busca e o tratamento de información, supón un cambio no rol que tradicionalmente se veu asignando ao profesorado e ao alumnado. Respecto ao alumnado, este novo enfoque permite un ritmo de traballo personalizado que favorece a atención á diversidade, dende o momento en que poden atender a unha variedade de intereses e motivacións, de madurez e de desenvolvemento persoal. As TIC favorecen a aprendizaxe activa, porque



son as alumnas e os alumnos os que interactúan coas novas tecnoloxías, son eles os que xestionan os contidos e, daquela, a aprendizaxe autónoma e a autoaprendizaxe adquiren un impulso considerable.

No tocante ao profesorado, as ferramentas de ensino empregadas permítennos deseñar o traballo a diferentes niveis de competencia lingüística. Pero, sobre todo, conseguimos pasar do rol clásico de profesor transmisor de coñecementos, a un dinamizador do proceso de aprendizaxe e mediador na xestión dos coñecementos que o alumnado desenvolve.

Recursos empregados no obradoiro

É obvio que se fale aquí do computador como un mero recurso didáctico, dado que o rol que lles asignamos ás TIC neste obradoiro é de motor metodolóxico dos procesos de ensino, e ferramenta imprescindible para a ensinanza e a aprendizaxe. Neste parágrafo describiremos aqueles recursos informáticos que empregamos para levar a cabo o taller.

En primeiro lugar, como motores de busca de información en Internet utilizamos xenericamente *Google*, e máis especificamente *Google Scholar*, que nos permite acceder a artigos solventes e estudos feitos por universidades e institucións recoñecidas. Como metabuscador empregamos *Copernic Agent*, vista a súa adaptabilidade á actividade académica, ao permitírnos gardar un historial personalizado cos resultados da busca, que podemos abrir en posteriores sesións sen ter que comezar outra vez dende o primeiro. Por último, para buscas moi específicas usamos certos foros, RSS, FAQ de páxinas especializadas.

Para levar a cabo as fases de tratamento da información e de elaboración de produtos os programas de software usados adoitan ser os comúns para o tratamento de texto, de bases de

datos, de presentacións multimedia ou de lectura de ebooks. Tamén nos resulta imprescindible a utilización de dicionarios electrónicos que resolven dúbidas de comprensión de xeito puntual e inmediato: utilizamos dicionarios online, dicionarios electrónicos en formato ebook, e dicionarios en CD do Departamento de Lingua Inglesa.

A experiencia serviunos para que o alumnado contemplase a lingua estranxeira noutro contexto e dende outra óptica, o que está a actuar de forma motivadora e permite diversificar o seu estudo. Tamén profundamos en maior medida na materia non lingüística, o que xera no profesorado, de materias lingüísticas e non lingüísticas, un estímulo engadido. Os beneficios de AICLE acaban por impregnar todo o centro, pois observamos que actúan como dinamizadores para levar a cabo novas experiencias educativas.

Bibliografía

Material para uso do alumnado na clase

BEIGBEDER ATIENZA, F. (2006) *Diccionario Técnico. Inglés-Español, Español-Inglés*. Madrid, Díaz de Santos.

KERROD, R. (1996) *Oxford Children's A to Z Technology*. Oxford, Oxford University Press.

Material de lectura para o alumnado

DAVIES, P. A. (2002) *Information Technology*. Oxford, Ed. Oxford University Press. Col. Oxford Bookworms Factfiles.

Material de apoio para o profesorado

COTTON, S., TEAGER, G. e AUSTIN, R. (2002) *Megabyte*. Oxford, Ed. Oxford University Press.

RODERICK, T. e RUSHBROOK, G. (2001) *ICT for GCSE*. Oxford, Oxford University Press.

MALEY, A. e DUFF, A. (1989) *The Inward Ear. Poetry in The Language Classroom*. Cambridge, Ed. Cambridge University Press.

Un espazo para a creación

Como primeira actividade de introdución de conceptos básicos de tecnoloxía en inglés, no Obradoiro de busca e tratamento de información, realizamos unha actividade de pescuda e adquisición do vocabulario básico, propio da materia de Tecnoloxía en inglés. Na primeira das dúas sesións semanais de AICLE, orientada ao apoio á Tecnoloxía en inglés, distribuímos os alumnos e as alumnas en grupos para que buscasen en Internet o nome das ferramentas, materiais e accións propias de cada disciplina tecnolóxica: electricidade, mecánica, carpintaría... cada grupo tiña que elaborar un panel no que aparecese o nome da ferramenta, unha imaxe ou ilustración e unha pequena definición que respondese a tres cuestións: que é?, de que está feito?, para que serve?

Na segunda sesión, máis orientada ao apoio á lingua, realizamos un obradoiro de poesía: "Put a Hammer in a Poem", na que o alumnado utilizaba o vocabulario adquirido na sesión anterior para compoñer poesías sinxelas, a partir de modelos e estruturas poéticas accesibles.

Un exemplo destas poesías inclúese deseguido:

You and I, me and you
I am the software, you are the hardware,
You are the LCD and I am the TFT,
I'm the keyboard and you're the mouse
You're the hard disc and I'm the floppy
I am always on you are never off.

You are the engine, I'm the gasoline.
I am the accelerator, you are the brake.
You are the steering wheel, I'm the spare wheel.
I always run, you never stop.

I am the hammer, you are nail.
You are the screwdriver, I am the screw.
You are the saw, I am the wood.
I am the table, you are the chair.

I am alternating current, you are continuous one.
You are the light bulb, I am the electricity.
I am the plug, you are the socket.
I always work, you never stop.